

## 6. Os retos das empresas da cultura. Conclusións

Cando se decide achegarse a un sector produtivo e analizar o seu comportamento dentro dunha economía faise un certo exercicio de reduccionismo e simplificación. No caso que nos ocupa, cremos que era necesario adoptar unha postura inclusiva no tocante ás actividades económicas seleccionadas. Malia que seguimos as clasificacións recomendadas polos principais organismos normativos, eramos conscientes de que afrontabamos unha tarefa complicada ao achegarnos a empresas de carácter moi diverso dunha maneira coherente e circunscribírnos a un ámbito que realmente se atopa nunha etapa de certa indefinición.

Un dos resultados destacables deste estudo é a delimitación do sector. É a primeira vez que se fai en Galicia unha definición clara, recollendo a actividade de todas as empresas que se dedican, dun xeito ou doutro, á produción e distribución de bens culturais. Isto debería ter unha incidencia positiva, polo menos para crear certa conciencia entre os actores implicados de atoparse nun sector produtivo definido e medible.

Por outra banda, propuxémonos dar conta, sequera a través dunhas pinceladas, do impacto que xera a actividade creativa, que se atopa intimamente ligada á produción cultural, no conxunto da economía. Un sector cultural san e economicamente rendible xera riqueza máis aló da cadea de valor tradicional, incidindo na cohesión e no benestar social.

Tamén atopamos de sumo interese a contextualización da industria cultural no ámbito xeral do que entendemos por cultura a través de magnitudes económicas. É fundamental tomar conciencia de que a actividade económica que emana deste ámbito é moi superior ao gasto público en cultura, o que debería aclarar certas dúbidas prexuízosas do carácter subvencionado da creación cultural. Tamén é moi importante ser conscientes da forza laboral do sector e da capacidade que ten para xerar postos de traballo de calidade.

Os datos de peso relativo do sector no Produto Interior Bruto, os que dan conta da proporción do sistema no conxunto da economía produtiva, así como a porcentaxe do emprego xerado, indican que estamos ante unhas actividades que achegan preto dun 2% do total da economía rexional nestes parámetros.

Dentro do período en que analizamos a evolución das variables económicas para a mostra de 725 empresas do sistema produtivo da cultura en Galicia, podemos considerar os seguintes aspectos máis relevantes:

Detectamos un bo comportamento na xeración de ingresos e de valor engadido bruto por parte das empresas con taxas superiores ás da media da empresa galega. Os resultados destes parámetros reflicten un paralelismo propiciado polo movemento cíclico da economía no período 2001-2007, saíndo reforzadas as empresas da cultura en canto á xeración de valor engadido bruto nos últimos anos de estudo.

Tamén se constata unha evolución favorable da rendibilidade económica do período de referencia e, aínda que son sensiblemente inferiores ás da empresa media galega, achegan posicións coa mellora progresiva da rotación das existencias. No caso da rendibilidade financeira, prodúcese tamén un achegamento á media da empresa galega ao longo do período analizado.

O sistema produtivo está fortemente atomizado, formado basicamente por microempresas que xeran arredor do 2,5% do emprego en Galicia. A mostra de empresas amosa un crecemento do emprego en todos os anos analizados. Prodúcese tamén neste período unha mellora na produtividade do traballo con parámetros parellos aos da empresa galega.

Dentro do sistema produtivo o sector máis relevante en canto a ingresos e valor engadido é o de produción de bens e servizos culturais, e máis concretamente o de edición, que acada o maior peso tamén en canto a emprego. Cómpre destacar a despunte na creación artística e cultural, con boas cotas no crecemento dos ingresos e do valor engadido nos últimos anos.

Respecto do resto de sistemas produtivos galegos, a cultura ocupa un cuarto lugar en relación á variación de ingresos, tan só superada pola industria auxiliar, as actividades relacionadas coa saúde e a construción. Non obstante, en canto á rendibilidade e á produtividade ocupa posicións máis baixas.

Percíbese unha alta concentración destas actividades ao redor das comarcas da Coruña, Santiago e Vigo e un maior dinamismo na comarca de Santiago, con mellores parámetros de evolución en xeral. Non se percibe especialización acusada unida á localización das empresas nestas tres comarcas.

A evolución cíclica do sistema produtivo é moi parella á da empresa media galega, polo que podemos dicir que, malia ser un sector máis vulnerable aos movementos cíclicos da economía, as empresas amosan unha boa capacidade de reacción e adaptación.

Da análise das empresas que presentaron unha traxectoria singular nalgún factor clave para a súa competitividade, destacamos o importante número de empresas de alta produtividade detectadas en cultura, por riba da porcentaxe media en Galicia. En relación ás empresas de alto crecemento por ingresos (gacelas), as de alta rendibilidade e as ben xestionadas, a proporción rexistrada é inferior á media galega.

A análise de todos estes parámetros indica unha situación positiva nalgúns aspectos destacables como o devandito crecemento na xeración de ingresos e de valor engadido en cotas maiores que a media da empresa galega. Estes parámetros non coinciden cun crecemento paralelo no tocante á rendibilidade económica, que ten percorrido para mellorar, sobre todo tendo en conta os rateos positivos que nos ofrece comparativamente o crecemento da produtividade, tal e como destaca a atribución de indicadores deste tipo entre as empresas da cultura.

Dentro do sector cultural atopamos un peso relativo importante da edición e, en menor medida, das actividades de cinematografía e vídeo. A diferenza máis importante entre estes dous subsectores da produción de bens e servizos culturais está en que a edición obtén, con diferenza, unhas evolucións moito máis positivas na maioría dos parámetros. O momento de transformación que vive esta industria obriga a prestarlle especial atención, xa que resulta previsible que aquelas empresas cunha visión máis tradicional do negocio teñan certas dificultades no futuro, non tanto pola súa evolución, como polas incertezas que a dixitalización e contidos e a súa copia proxectan. Nese senso, tamén deberá prestárselle atención á creación artística e cultural, cun peso moi pequeno no conxunto do sistema produtivo, pero cunhas evolucións que permiten crer que aínda existe un nicho de mercado importante.

Podemos facer unha valoración ambivalente sobre o tamaño das empresas culturais. Por unha banda, as empresas pequenas e as microempresas teñen unha serie de vantaxes recoñecidas relativas á flexibilidade, a rapidez na toma de decisións e a capacidade de adaptación ao mercado. Parece, xa que logo, que exista certa relación entre a volatilidade de moitos dos produtos ofertados e o tamaño das empresas da cultura. Pola contra, é ben sabida a dificultade que este tipo de iniciativas teñen para obter financiamento, incidindo negativamente na súa capacidade de expansión en todos os ámbitos. Algo semellante podemos dicir da distribución xeográfica do sistema produtivo. Sabemos que na economía creativa a localización de actividade en ámbitos urbanos permite xerar riqueza no ámbito local, malia que a comercialización dos seus produtos non o sexa. En relación con isto o sector tende a que se cree un mercado dinámico a través de relacións empresariais a nivel local. Por último, aínda que resulta unha achega intanxible, os beneficios sociais da cultura tenden a fomentar a cohesión de grupos e rexións tradicionalmente desfavorecidos, beneficiándose da creatividade o desenvolvemento a través da localización de talento, os rendementos locais de industrias con mercados máis amplos, a xeración de atractivos turísticos e a integración social. Todo isto vén a ter como corolario que existe un potencial importante para que Santiago, A Coruña e Vigo se convertan en cidades creativas.

Á marxe da evolución das empresas estudadas, sabemos tamén que a incidencia directa da creatividade cultural está moi ligada ás TIC. Existe un proceso interactivo entre a produción de ferramentas para a comunicación e a xeración de contidos,

incidindo no desenvolvemento paralelo dos dous sectores. Unha das prioridades do ámbito cultural é o de atopar novos modelos de negocio que permitan optimizar as oportunidades que aparecen na redefinición dun mercado con custos de produción e distribución máis axustados. Nese sentido, as políticas culturais deben seguir apostando por modelos de mercado e creación de riqueza, e incidindo na profesionalización, no fomento da actividade privada e a demanda, na mellora da capacidade competitiva, a diferenciación, a innovación e a busca de mercados internacionais. Os actores privados e os públicos poden establecer estratexias máis amplas que as que se veñen definindo nos últimos anos no relativo á difusión e creación de coñecemento, a través de fórmulas de inclusión de agrupacións de carácter parcial que atenden normalmente a algún subsector específico do sistema produtivo que vimos de describir.

A evolución dos principais indicadores económicos da cultura produtiva en Galicia semella positiva. No futuro será de grande interese observar ata que punto este sistema produtivo desenvolve as capacidades que detectamos. O marco da crise económica global, que determinará ata que punto é posible unha aposta polo coñecemento como xerador de riqueza, será o banco de probas para un conxunto de actividades que constitúen unha das realidades empresariais máis prometedoras da rexión.